

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VILAR DE SANTOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN PARADA DE OUTEIRO

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia



Pola outra parte, Xoán Xosé Jardón Pedras, alcalde- presidente do concello de Vilar de Santos actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Segundo. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.





Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.


Terceiro. O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Cuarto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

Quinto. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulou, por medio da orde do 30 de decembro de 2016, a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, destinadas á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro), modificada para ampliar a súa dotación económica pola Orde do 12 de xuño de 2017 (DOG núm. 115, do 19 de xuño)

Mediante a devandita orde a Xunta de Galicia materializou a súa vontade de colaborar cos concellos na implantación e mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural. A






convocatoria, instrución e resolución do procedemento iniciado pola antedita orde, finalizará coa concesión de axudas a todos os concellos solicitantes que cumpran os requisitos esixidos polas bases reguladoras e acaden a puntuación mínima determinada pola Comisión designada para a valoración dos proxectos, ata o esgotamento do crédito destinado ao financiamento da convocatoria.

Logo da tramitación desta convocatoria, no concepto orzamentario que a financia, e dentro do código de proxecto 2017 00054 *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais* existía un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que foi considerado axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia na mellora na calidade da prestación dos servizos municipais.

Sexto. Para dar cumprimento ao disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulou por medio da convocatoria en réxime de concorrência competitiva indicada no **punto quinto** da parte expositiva deste convenio a concesión de axudas económicas ás entidades locais de Galicia, e incrementou a súa dotación orzamentaria para concederlles subvencións a todas as entidades que a solicitaron e que acadaron a puntuación mínima fixada nas bases reguladoras para acceder ás axudas, fixada en 21 puntos polo artigo 10 *in fine* da orde.

Cúmprese deste xeito os principios de concorrência, transparencia, publicidade, obxectividade, igualdade e non discriminación recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e **pode aplicarse eficazmente o crédito dispoñible** a a colaborar coas entidades locais na execución de actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais.

Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais naqueles concellos máis desfavorecidos, considerando como tales aqueles que, polas súas condicións xeográficas e demográficas, adoitan ter maiores dificultades de financiamento e mantemento das infraestruturas vinculadas á prestación dos seus servizos municipais e que, asemade, amosaron o seu interese para obter unha axuda destinada á execución deste tipo de proxectos mediante a presentación dunha solicitude ao abeiro da convocatoria en concorrência competitiva, destinada á creación





e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, anteriormente sinalada, pero non puideron acceder a ela ben por non cumpriren os requisitos ou por non ter acadado os 21 puntos mínimos que as bases reguladoras esixían.


Sétimo. Os proxectos de investimento para a creación ou mellora de infraestruturas en cuxa realización se pretende colaborar resultan de interese para a Xunta de Galicia polo que supoñen de potenciación e apoio ao desenvolvemento territorial equilibrado para a mellora da calidade de vida da veciñanza mediante a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima á cidadanía.

O obxectivo común é conseguir ou recuperar un óptimo nivel de funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias destes concellos, que veñen incidir nun contexto orzamentario restritivo e necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto destas subvencións representa para as facendas municipais, que precisan da creación ou mellora das infraestruturas para a adecuada prestación dos servizos municipais.

Dado que o saldo existente resultou insuficiente para o financiamento de todos os proxectos subvencionables por cumprir os requisitos fixados no convenio tipo serían precisos o convenio de menor importe, proposto polo Concello de Vilar de Santos para a Mellora do abastecemento de auga potable en parada de Outeiro por importe de 17.122,00€, financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 2017 05 21 121A 760 (CP 2015 00088) da Secretaria Xeral Técnica.

Oitavo. O Concello de Vilar de Santos expuxo a necesidade de executar o proxecto denominado *“mellora do abastecemento de auga potable en Parada de Outeiro”* que ten por obxecto mellorar a rede de abastecemento de auga potable en Parada de Outeiro e os demais núcleos de O Vieiro, Casas da Ponte, O Mosqueiro y Castelaus, dentro do termo municipal de Vilar de Santos continuando así coas obras precisas para dotar aos núcleos do concello do equipamento mínimo de infraestruturas, logrando o desenvolvemento da calidade de vida dos seus habitantes e a mellora das condicións medioambientais.



Pola súa banda, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados, un apoio especialmente necesario neste caso considerando as especiais circunstancias do Concello de Vilar de Santos que veñen a incidir nun contexto dun escenario orzamentario fortemente restritivo do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do concello para afrontar os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.


A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na obras de mellora do abastecemento de auga potable en Parada de Outeiro , acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Vilar de Santos.

Noveno.- Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Vilar de Santos, no que se fai preciso que o concello conte coas infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Décimo.- O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Así, co fin de materializar a cooperación antes descrita, e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acorda subscribir o presente convenio de colaboración co concello de Vilar de Santos para a execución do proxecto denominado mellora do abastecemento de auga potable en Parada de Outeiro , de conformidade coas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto


O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vilar de Santos para a execución do proxecto denominado mellora do abastecemento de auga potable en Parada de Outeiro, cun orzamento total de 17.122,00 euros, segundo a memoria valorada do mesmo título redactada polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Manuel Durán Fuentes en agosto de 2017, cuxo orzamento se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.

SEGUNDA.- Obrigas do Concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Vilar de Santos:

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do concello de Vilar de Santos:

- 1.- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- 2.- Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- 3.- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
- 4.- Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións





públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.

O concello beneficiario estará ao disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

5.- Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
- b) Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitava deste convenio.
- c) Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- d) No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- e) Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6.- Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.

7.- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á





xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

8.- Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.


TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de cooperación, mediante a achega máxima de DEZASETE MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS (17.122,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorra o concello para a execución do proxecto obxecto do convenio; inclúense aqueles gastos que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos



correspondentes ao actual exercicio económico.

Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, non obstante no caso de realizarse pagamentos anticipados considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula quinta.

QUINTA. Publicidade dos convenios subvencionados


A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial. As medidas de publicidade consistirán na colocación de cartel publicitario e de placa explicativa permanente:

1. O cartel publicitario estará colocado durante a execución do proxecto, no modelo que se incorpora no anexo II a este convenio, en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia. Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.
2. Colocarase unha placa explicativa permanente en todos os lugares en que se desenvolvan as actuacións, de acordo co modelo que se incorpora como anexo II a este convenio, en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia.

SEXTA. Conta xustificativa

Para percibir o importe restante da subvención ou o que corresponda no caso de non solicitar o seu pagamento anticipado, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Vilar de Santos deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.
- b) Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:






1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.
- e) Declaración responsable asinada polo representante da entidade beneficiaria en que se faga constar que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
- Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que as entidades locais beneficiarias se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non son debedoras por resolución de procedemento de reintegro.
- f) Nos supostos do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, copia compulsada da resolución de adxudicación da obra onde quede acreditado o cumprimento do establecido no referido artigo e no 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- g) No suposto de obras realizadas por administración pola entidade local beneficiaria, achegarase a seguinte documentación adicional:
- a) A certificación do apartado b) conterá ademais unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe.



- b) Unha certificación emitida polo/a secretario/a-interventor/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto





subvencionado.

h) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais:


1. Fotografías do lugar ou lugares onde se teñan efectuado as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
2. Fotografías do cartel ou carteis das actuacións, nos que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia, segundo o modelo que se incorpora no anexo II deste convenio e de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.
3. Fotografías da placa ou placas explicativas permanentes segundo o modelo que se incorpora no anexo II deste convenio, coa publicidade sobre o financiamento das actuacións, colocada nun lugar visible no lugar das actuacións, que deberá permanecer durante, cando menos, cinco anos.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano tramitador desta subvención, expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2017.

SÉTIMA. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio o concello de Vilar de Santos poderá subcontratar parcial ou totalmente a actividade ou investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.
2. En todo caso, o concello beneficiario deberá observar o establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



OITAVA. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante xustificante orixinal de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula sexta, alínea b).2, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.


3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificada e selada pola entidade bancaria.


Se o pagamento se realiza mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

NOVENA. Perda do dereito ao cobramento da subvención

Producirase a perda do dereito do concello de Vilar de Santos ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:






- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.
- b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
- Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial.
Exceptúase aquel suposto en que a redución do custo do proxecto derive unicamente da baixa na oferta economicamente máis vantaxosa.
 - Naqueles casos en que sexa de aplicación o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e o concello non acredite a solicitude dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores e/ou a falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.


A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

DÉCIMA. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta





inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.

- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

DÉCIMO PRIMEIRA. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

DÉCIMO TERCEIRA. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión de mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e dous representantes do





A comisión rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

DÉCIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:


- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) Por acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis


DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2017.

DÉCIMO SEXTA. NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.





DÉCIMO SÉTIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO OITAVA. NORMATIVA APLICABLE

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.


En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O alcalde- presidente do Concello de Vilar
de Santos



Xoán Xosé Jardón Pedras

PRESUPUESTO

MEMORIA TÉCNICA VALORADA DE MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN PARADA DE OUTEIRO
CONCELLO DE VILAR DE SANTOS - PROVINCIA DE OURENSE

CAP. 01.- MEJORA DE ABASTECIMIENTO EN PARADA DE OUTEIRO	11.451,79 €
CAP. 02.- GESTIÓN DE RESIDUOS	439,31 €




Presupuesto ejecución material	11.891,10 €
13.00% Gastos Generales	1.545,84 €
6.00% Beneficio industrial	713,47 €
Presupuesto base de licitación I.V.A. excluido	14.150,41 €
21,00% I.V.A.	2.971,59 €
IMPORTE TOTAL I.V.A. incluido	17.122,00 €

Asciende el importe total I.V.A. incluido a la cantidad de euros :

DIECISIETE MIL CIENTO VEINTIDOS


Ourense, agosto de 2017

El Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos



Manuel Durán Fuentes

Anexo II. Medidas de publicidade

a) CARTEL PUBLICITARIO DURANTE AS OBRAS



Dimensións do cartel publicitario:




Observacións

As cores da Xunta de Galicia serán as definidas na correspondente imaxe corporativa.


Instrucións para o cartel

- O escudo e o nome do concello serán da mesma altura que o da Xunta e irán situados no ángulo inferior esquerdo do cartel.
- Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.




CONCELLO DE
VILAR
14/06/2014

b) PLACA EXPLICATIVA PERMANENTE



Observacións sobre a placa:

- Dimensións mínimas: Tamaño DIN-A3
- Para a elección dos materiais e do sistema de colocación deberá terse en conta a durabilidade (colocación mínima durante 5 anos).

Cores

- As cores correspondentes á Xunta de Galicia serán as definidas na imaxe corporativa.

